

Actividades ano 2000:

Comeza un novo milenio, e isto tamén provoca que ese lindeiro do ano 2000, traia consigo un acougo en moitas iniciativas, e incluso unha liña de funcionamento repousado e responsable para ese longo tempo que é o porvir.

Así aconteceu coa nosa Asociación, que o 18 do mes de marzo deste ano celebrou asemblea ordinaria, correspondente ao ano pasado, e no que se dá un balance positivo de 23.871 Ptas. a favor. No seguinte capítulo, aprobouse a revisión de cotas por unanimidade, a subida de 500 Ptas. nos recibos, polo que queda fixada en 2.500 Ptas.

Vai ser un ano tamén no que colla unha forza especial a reivindicación de dedicar unha rúa da vila ao escritor *Ramón de Valenzuela*, unha empresa na que os amplos coñecementos do presidente Alberto Maceira sobre este importante persoeiro, así como do período histórico que lle tocou vivir, van marcar unha serie de accións destinadas a restituír o nome, a vida e a obra deste célebre galego. Así, o presidente propón aos presentes que sexa a rúa Xeral a que leve o nome deste persoeiro, esta proposición é aceptada por unanimidade, por todos os socios e socias asistentes, por considerar que se trata dunha das figuras máis relevantes da literatura galega. Dita proposta foi incluso aplaudida polos alí presentes, o que nos dá unha idea do amplo respaldo dunha iniciativa, que poderíamos chamar de memoria histórica, e que xa veremos como por falta de apoio das autoridades locais, non se materializou, tal e como a asociación veu reclamando durante anos.

A Asemblea correspondente ao ano 2000, tivo lugar no en febreiro de 2001, xa que neste mes celébranse os dous anos que o presidente tomou posesión do seu cargo.

Neste ano, no que xa veremos como se consolida a actividade social, de novo atopamos como fío condutor da iniciativa da directiva, a formación, que comeza cun curso de administrativo de persoal concedido pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude, comezado o día 3 de abril do ano 2000 cunha duración de 740 horas, e dirixido a desempregados/as. Comezou con 15 alumnos e alumnas e rematou no mes de novembro. Todos os que remataron o curso recibirán o diploma acreditativo.

Tamén, dentro do programa, avance e importancia das novas tecnoloxías na sociedade, se realizou un curso de informática, que comezou no mes de outubro cunha duración de dous meses. As clases impartíronse en dous grupos. O horario foi de 7 a 8.30 para o grupo dos pequenos e de 8.30 a 10 da noite para os maiores, os días de clase foron os luns e mércores. O programa foi o seguinte: Sistema operativo Windows 98/Office 2.000 e Internet.

Tivemos neste ano tamén , a ocasión de acoller un taller de manualidades en colaboración co Concello de Silleda, o mércores 27 de decembro, os nenos e nenas tiveron

a oportunidade de participar neste taller, no que puideron elaborar pulseiras, chaveiros, etc. Houbo, como nos últimos anos clases de pintura. Estas clases xa son un clásico nesta Asociación e realízanse ao longo de todo o ano, asiten 10 alumnas, e os días de clase son os luns e xoves dende as 7 ata as 10 da noite. Consolidadas están tamén as clases de aerobic, ao igual que as clases de pintura, as de aerobic tamén se desenvolven durante todo o ano. Nestes momentos hai ao redor de 20 alumnas matriculadas, os días de clase son os martes e os xoves de 8.30 a 9.30 da noite.

Xa no mundo das artes, concretamente da música, seguen as clases de gaita, que comezaron de novo este ano no mes de outubro con estas clases e na actualidade asisten a elas preto de 20 alumnos e alumnas. Os días de clase son os xoves de 10 a 11 da noite. Importantes foron tamén as clases de guitarra. Esta actividade rematou a comezos do mes de xuño, e asistiron arredor de 10 alumnos/as, os días de clase foron os mércores e o horario de 8.30 a 10 da noite. Voltou tamén o curso de cristal, ese difícil traballo de tallar o vidro, que comezou en novembro, os xoves en horario de 6 a 8 da tarde. E por último, tivemos o curso de manualidades, que tamén comezou en novembro e os días de curso foron os martes dende as 6 ata as 8 da tarde, con gran asistencia de alumnas.

Dende o 15 ata o 21 de maio, volveu a ter lugar unha importante Semana Cultural, cunha ampla programación, que vai confirmando a mellora que nesta sección se esforza por realizar a Xunta Directiva. Deste xeito, realizáronse as seguintes actividades:

- Varias proxeccións de Cine Clásico infantil*
- Montaxe dun puzzle xigante co retrato de Manuel Murguía, autor ao que estaba dedicado este ano o día das letras galegas.*
- Actuación do dúo de Violín e Chelo “Mijail Moriatov”.*
- Conferencia sobre a reciclaxe “Aproveitar o que temos”.*
- Contacontos a cargo de Cándido Pazó.*
- Actuación das bandas de Música:*
 - Municipal de Silleda.*
 - Recreativa e C. de Bandeira.*
- Actuación dos Grupos:*
 - Xirandola.*
 - Fortín da Pomba.*

Durante toda esta semana, permaneceu exposta unha exposición de Castelao, por conmemorarse o 50 aniversario do seu pasamento.

No ámbito das viaxes, realizouse unha excursión á provincia de Ourense, realizada o domingo 18 de xuño, e visitáronse os seguintes lugares da vila de Allariz:

- Parque etnográfico do río Arnoia.*
- Museo do tecido “O Fiadeiro”.*

Muiño do Burato.
Museo do Coiro. Fábrica de Curtidos.
Museo Galego do Xoguete.

Despois destas visitas, tivo lugar un xantar nun restaurante da localidade e seguidamente unha visita á capital ourensá. Á Volta realizouse unha visita ao Pazo de Trasalba, onde os nosos excursionistas se achegaron á vida e obra do ilustre escritor e galeguista D. Ramón Otero Pedraio.

Xa cara o Nadal, e igual que o ano 99, este, instalouse o belén artesanal con algunha figura máis que o ano anterior. Este permaneceu exposto durante todo o Nadal. O día de Noiteboa, Papá Noel achegouse a levar os agasallos aos fogares que o pediran, esta é unha actividade que se ven facendo fai varios anos, e que cada vez ten máis acollida xa que os rapaces quedan fascinados vendo a Papá Noel. E como en anos anteriores, o 25 de Nadal celebrouse a festa de Papá Noel á que este ano asistiron un bo número de rapaces. Ás 6 da tarde a comitiva presidida por Papá Noel, co seu trineo fixo un pequeno percorrido polas rúas de Bandeira, repartindo caramelos aos rapaces e maiores que se acercaban a el. Xa no Centro Cultural recibiu a nenos e nenas un por un e entregoulles un agasallo, máis tarde contamos coa actuación do mago Teto que fixo as ledicias de nenos e grandes, e para rematar, os nenos e nenas asistentes participaron nunha merenda.

E este ano, para celebrar eses días de Nadal doutra maneira, e xa que moita xente quería voltar a ver unha actuación dos Tirinautas, o martes 26 de decembro, este grupo puxo en escena a obra do escritor francés “Moliere” “O enfermo Imaxinario” que tivo unha moi boa acollida entre o público asistente, reiterando a boa acollida que o grupo estradense ten no medio do noso público de Bandeira.

Tampouco se deben esquecer, outros obxectivos conseguidos, que non por estar exentos de público, son menos importantes para o funcionamento diario da asociación, como son a instalación da calefacción a gas no edificio, con radiadores na maioría das aulas e salas da casa, ademais dos baños, a incorporación do “parque móbil”, cunha furgoneta, que foi doada por un particular as asociacións: Vista Alegre, Carnavais, Empanada e Banda de Música, as cales se fan cargo dos gastos de seguros, reparacións etc, e a continua recuperación de material Histórico da Sociedade Pro-Escuelas en Bandeira, como son libros de actas, o selo da asociación, os Estatutos, planos do edificio, as escrituras de compra do solar, un pergameo cun fermoso debuxo da fachada do edificio etc. Todo este material foi recuperado na sede das Sociedades Galegas na Arxentina, grazas ao marabilloso traballo de recompilación e custodia do dirixente Rilo, así como da viaxe realizada polo presidente desta Asociación Alberto Maceira, no mes de marzo do ano 2000, a este país, e que posibilitou a súa recuperación.

Foi ano tamén de solicitudes e reivindicacións, e o 14 de xuño de 2000: propoñíase

que a través do Concello fose solicitada unha Ciberaula que a Xunta de Galicia ten con varios ordenadores. Tamén se fixo unha solicitude para que o Concello nos cedese un local nos baixos das vivendas sociais, para almacén, xa que neste edificio a penas temos sitio para gardar cousas. Esta solicitude si tivo éxito, e foron entregadas as chaves o día 7 de febreiro do presente ano.

O 14 de xullo de 2000: Presentouse un dossier facendo unha solicitude para que se lle puxese o nome de “Ramón de Valenzuela” á rúa Xeral. Esta proposta foi apoiada por maioría na Asemblea celebrada por esta Asociación. Foinos contestada dicindo que o Goberno municipal deuse por enterado e quedou en tomar en consideración esta proposta para a elaboración dun proxecto global de renomeamento de varias rúas do Concello, o que deberá ser aprobado polo Pleno Municipal.

Así mesmo xunto coas Asociacións Fortín da Pomba, Adellis e Asociación de Veciños Olaia, presentouse unha solicitude conxunta na que se pedía que os cartos sobrantes de facer o reparto do Plan Cultural e Deportivo, fosen repartidos proporcionalmente entre as Asociacións existentes.

No eido asociativo, aparece neste ano a Asociación xuvenil “Os Ultreias”, que se constituíu nesta localidade, tamén teñen no edificio do Centro Cultural a súa sede social, polo tanto fan aquí as súas reunións e programan actividades. Todas as demais asociacións, seguen tendo o seu funcionamento normal no Centro, e cabe subliñar neste apartado, que neste momento están impartindo clases neste Centro e de xeito habitual, 15 mestres/as dentro das distintas asociacións que aquí teñen a súa sede.